F. TETTAMANCY GASTON

Enredadas

POESÍAS

EMIA
A
UÑA
73
eca

D. Galo

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
16273
Biblioteca

ENREDADAS

F. Tettamancy Gaston

ENREDADAS

POESIAS

A CRUÑA
LIBREIRÍA REXIONAL DE EUXENIO CARRÉ
RUA REAL, 31
MDCCCCII

Coruña: Tipografía La Constancia, María Pita, 18

Ao meu grande amigo Galvão
Tabinas Rodrigues

J. Bettamany

Janeiro 1902

AOS MEUS

Os - *meus* - SON - A - MIÑA - DONA - E OS - MEUS - FILLIÑOS, - ÚNICOS - QUE - TEÑEN DEREITO - PARA - ADICARLLES - ESTAS - RINGLEIRAS, - QUE - INDA - NON - VALLAN, - NON DEIXAN - DE - LEVAREN - O - FONDO - AGARIMO QUE - LLES - TEÑO

A Cruña, Nadal do ano 1901.

PRÓLOGO

Moi contados son os libros sin prólogo; e pol·o mesmo, quixen eu tamen, que o presente, non quedase sin él; mas verbo d'eso, prescindin do padriño, preterición que ten a sua razon de sere: é tan cativo o mérito do meu traballo, literariamente falando, que atopar un amigo para que o loubase, sería unha valente toleria. O valer d'este libriño, xa o esprica o título: *Enredadas.*

Mais antes de entrare na materia, direi que non m'esquenzo de que algún dos meus amigos que saben quen eu son, e que me agariman con verdadeira solicitude, conocendo as miñas penas

e as carraxes que d'abondo proporcióname a treizoeira fatalidade, diran xa para seu chaleque, xa *urbi et orbe* ao vérenme metido n-estas *Enredadas:*

— ¡Qué humor ten este Fuco!...

Pois veredes, meus queridos amigos: como non iñorades, esta vida compónse de ditas e de tristezas, de bágoas e de ilusiós que van aparelladas, como os bois no carro; sin aqueles, este non camiña: quero decirvos, que as leis da compensación, millor direi, as do equilibrio, como leis naturás, hai que observalas necesariamente. De ahí que eu, para afogal-os acidumes que fai tempo veñen enrugando a miña esistencia, non vin outro xeito para combatilos, que escarabellar estas zapicadas.

E dito esto, manifestarei que éstas viñen facéndoas às xeiras, cando as miñas labores de cotío, esas labores que procuran pol-a mantenza da familia, deixábanme algun vagar para adicarme á aquelas.

Algunas d'elas (das *Enredadas),* moi poucas, viron a lus en varios boletis e revistas ilustradas, gracias às bondades dos seus directores, meus amigos: cuáseque non chegan á unha ducia. E culpa d'esto — confesareino de boa fé — obedece á que tarde escomencei á tomar trato co as Musas na doce lingoa gallega; n-esa fala que

inmortalizaron c'os seus *Cantares* e *Follas Novas* a célica cantora Rosalía Castro; c'os seus *Aires da miña terra*, o inspirado Curros Enriquez; c'os seus *Queixumes*, o Ossian gallego Pondal; Carré Aldao, co as suas *Brétemas* e *Rayolas;* Lamas Carvajal, co as suas *Espiñas, Follas* e *Froles;* Filomena Dato, c'os seus *Follatos;* Pérez Ballesteros, c'os seus *Versos;* Florencio Vaamonde, co as suas *Mágoas;* Martelo Paumán, co as suas *Liricas;* Lugris Freire, co as suas *Noitebras;* Barcia Caballero, co as suas *Rimas;* Benito Losada, c'os seus *Soaces;* Núñez González, c'os seus *Salayos;* Aureliano Pereira, co as suas *Cousas d'aldea;* Rodríguez González, co as suas *Folerpas;* Rodríguez López, co as suas *Pasaxeiras;* e en fin, tantos e tantos poetas, fillos d'esta terra bendita, que c'o seu inxenio, fixaron a instaurazón da poesía gallega.

Agora, debo dar unha espricazón obxeto principal d'este prólogo: cóchegas sentía eu no meu celebre—e perdóeseme a metáfora—por dar este traballiño â imprenta; porque d'este xeito, salvaba un compromiso que tiña contraido, cal é, o pagare na mesma moeda, á aqueles compañeiros, que tiveron a dinacion de obsequiarme con traballos somellantes.

Como xa levo dito, sendo o mérito do meu,

tan ruin, determinei que non se venda, é decire, que non custe á ninguén a valoría de unha cadela pequena. Recomendo, pois, que se por casualidade, que todo moi ben poidera acontecere, este libriño se atopare nas maus de calesquera d'eses arrampladores de libros vellos, e tratase de feirear c'o presente, dou licencia ao primeiro mercader para que llo arrinque sin pagalo; e se vé xeito de correxil-a estafa, requerilo ante xustiza, como tal estafante.

E dito esto, vaya tamen outra espricazón mais, qu' é a derradeira, para que se teña en conta: decataránse aqueles á quen lles dou este libriño, que os obsequio igualmente c'o meu retrato posto nas primeiras follas d'él. Non é fachenda estampal-a miña figura ao frente do dito libro, se non o desexo de que os meus amigos vexan a imaxe d'aquel que de cote os quer ben, e seguirálles querendo.

O AUTOR

31 de Nadal de 1901.

A NOSA VILA

Ao meu distinto amigo Luis Argudin Bolivar.

Ahí a tedes: altiva, fastuosa,
cal sultana oriental,
nas ribeiras do Atlántico asentada,
do verdexante mar
cuyas ondas a bican á cotío
e á cotío van
empapándoa do rescendente yodo
que as frescas brisas botan sin parar.

Ahí a tedes: tan leda, garimosa,
sempre cuberta está
d'un ceo azur, e sempre abrilantada
por sol primadeiral;
esprendorosas galas ostentando
cal graciosa beldá;
moi sinxela, sin envexar á nadia,
e cobizada sempre pol-os mais.

Ahí a tedes; amostrando orgullosa
seu carraxudo Orzan,
co a torre de sona que os fenicios
mandaron fabricar,
e que sirve de guía lumioso
dende d'aquela acá,
aos navios que surcan temerarios
o rumoroso e bravecido mar.

Ahí a tedes: de cote traballando;
de moi antiguo vai
o camiño seguindo do Progreso;
a primeira en loitar
pol-as boas e santas libertades
das qu'é fiel guardian;

a qu'en sí acocha nobres sentimentos,
e prodiga d'abondo a Caridá.

Esa é a nosa Cruña, o noso berce,
a que as ondas do mar
cheas de escume bícana amorosa;
a que non ten rival
en fermosas rapazas, frescas prayas
e noites de luar;
a de morno e saudabre clima...
a nosa meiga e singular Cibdad.

NOITE ORIENTAL

NUIT D' ORIENT (1)

Ao meu gran amigo o ilustre músico e literato Laurent de Rillé.

Po-la rescendente atmósfera,
esvaíndose co a brisa,
vai en espirás o fume
dos pebeteiros e as pipas.
Misturan sonoro arpexio
c' o rum-rum das alegrías
sobre as ribeiras do Bósforo
ou canal da Tracia antiga,

(1) Do libro *Chœurs d' Orpheóns*, de Laurent de Rillé.

da guzla, as mélidas notas,
os ecos das mandolinas.
En cada tenda se ouven
cántigas d'amor docísimas,
e bicando a praya as ondas,
ao ar marmulos envían
chegando às altas almeas
das vetustas torreciñas
do castelo forte e mouro
qu'está encravado na cima
domeñando os Dardanelos
e qu'é chave da Turquía.

*
* *

Soo na brilante noite,
cala unha escrava xeorxina:
tristeira está cal a morte
e cal a morte está irta.
—¡Canta! mándalle seu amo
un desleigado da Siria.
Ela, miróuno chorosa,
a voz no seu labio espira...
pois ela cantar non pode:
¡non canta a rula cautiva!

Á MEMORIA DE ROSALIA CASTRO

Ao meu garimooso amigo o ilustre historiador gallego D. Manuel Murguia.

Dende que nos deixaches prestamente,
n'esta terra quedou ¡ay! Rosalía,
un recordo indelebre, que somente,
vai trocarse en tristeira melodía.

O lindo reiseñol, as aves todas,
deblemente gorxean, Rosalía:
faltóulles o alento das tuas odas,
a nai que lles brindaba c'o alegría.

O curuto e o val, fraga e pradeira,
o castiñeiro, e o piñeiral sombrío,
orfos están da lira pracenteira
que docemente loubábaos á cotío...

Laud de ouro, de cordas diamantinas
que por tí, Rosalía, foi pulsado
cantando ao chan das augoas cristalinas
dos verdes prados e froles matizado

calaches xa; as gratas armonías
non respetou a Parca mal fadada
ao segare o fío dos teus días...
¡E inda chora Galicia esconsolada!...

O GORGULLEO DAS ONDAS

(DE AURELIO AGUIRRE)

Ao meu distinto amigo don Andrés Martinez Salazar, paleógrafo insigne e escritor.

Dime, dime s'é que o sabes
feiticeira pescadora
que por sinxela m'encantas
e m'encantas por fermosa;
tí, que xogando na praya
tranquila pasal-as horas
mirando teu rostro meigo
retratándose nas ondas
que con amoroso bico

o pequeno pé che mollan
cando mariscas n-area
caracoliños e cónchegas,
co esa man, qu'é mais branca
que o branco da tua cofia...
¡Ay! dime, dime se o sabes
feiticeira pescadora,
¿qu'é o que lle dí aos que sofren
o gorgulleo das ondas?

Mariñeiro, mariñeiro,
o da cabeleira bronda,
o que ten os ollos gacios
e é galan das pescadoras;
tí, que sobre o mar naciches
e no mar pós tua groria
cando seus abismos cruzas
sentado sobre da popa,
dando salayos ao vento
pol-a virxe que namoras,
que leda sal agardarte
cando ao teu fogar retornas,
e alí contigo reparte
o pobre da tua chouza,

e alí prémea teus afás
c'un bico da sua boca...
dime, dime mariñeiro,
tírame d'esta congoxa,
¿qu'é o que lle dí aos que sofren
o gorgulleo das ondas?

Dime tí, ser misterioso
qu'en min oculto te atopas
sin que adiviñar eu logre
s'é realidade ou s'é soma;
anxo, muller ou delirio
que baixo diversas formas
aos meus ollos apareces
pol-a noite e pol-a aurora
e á todas partes me sigues
solícita e garimosa,
e'n todas partes me buscas
e'n todas partes me nomas,
e estás comigo se velo
e se durmo en mi repousas,
e se salayo, salayas,
e se triste choro, choras...
¡oh! dímeo tí, se o sabes

dime visión tentadora,
¿qu'é ó que lles dí aos que sofren
o gorgulleo das ondas?

Ninguen, ninguen me responde.
¡miñas preguntas os noxan!
¡Todos con risa sarcástica
do pobre tolo se zomban!
¡Ay! dímo tí, mar sereo,
o que tes gacial-as ondas
o de tantas armonías
subrimes e misteriosas;
o das brisas refrescantes
o das treboadas roucas,
tesouro de mil tesouros,
e campa de tantas grorias...
eu qu'estou na tua veira
en tí, meditando á solas
pr'afondare no misteiro
que ao meu espíritu asombra,
ou da solta á teu carraxe
e desfaime contra as rocas,
ou dime, pois, qu'é ó que dí
o gorgulleo das ondas.

REXENERACIÓN

Ao meu gran amigo, ó ilustre economista e literato, Excmo. Señor don Leandro de Saralegui e Medina.

Farto estou xa de ouvir esa parola
de *rexeneración*, tan acramada,
que dan como meiciña deseiada
para a salú da mocedá española.
A verbe esa, cal puxante ola
enrolar quer â España tan viciada,
rexurdindo outra España liberada
da cochambre política que a esfola.

Das bondades d'*enriba*, nadia espere
para conquire as regras do Dereito,
que hoxe, eso se pide, eso se quere...
Triste é decilo, mais non vexo xeito
de que o pobo español se rexenere,
se de *abaixo* non hai quen corte á eito.

QUEIXUMES

Ao meu gran amigo o bardo
Eduardo Pondal.

Soñando está o bardo
c' un vago soñar
lembrando tristeiro
a doce Rentar,
¡e triste e pensoso
suspira quizais!...
O bardo está ledo,
desperto está xa;
sua lira de ouro
comenza á vibrar
canciós melodiosas (1)

(1) *Os Eoas:* poema que Pondal fai mentres de nos presentar moi logo.

en pro d'este chan
qu'é eido vizoso
da bella Rentar.
A linda rapaza
sin consolo está
ao ver que o seu bardo
adicando vai
as tenras canciós
á esa outra beldá
qu'é a terra gallega
garimosa nai...
¡E triste e pensoso
suspira quizais!...

A MIÑA AFILLADA

LUISA OSENDE LIRA BOTANA

E teu corpo xentil, cal o alto pino
que deble brisa docemente arrola;
louros cabelos poboan tua cabeza
d'estátua maxestosa.

Gacios teus ollos son, cal eses mares
que sin somella tópanse na Xonia;
recto narís, d'un fino perfil grego
no teu rostro se mostra.

Por pequeniños dentes, albas perlas,
vense brilar na tua linda boca;
roxos teus labios son, que dan cobiza
às cereixas mais roxas.

Branco teu cutis é, cal branca neve
que nos Alpes altísimos se pousa;
as meixelas d'un tinte sonrosado,
com'a coor das rosas...

Así es tí, rapaza meiguiceira,
que tantas gracias xuntas atesouras
e que, sin conocel-o qu'é este mundo
onde todo é pezoña

Comenzas á vivir; mais se a virtude
é símbolo das almas garimosas,
¡qu'ela sexa escudo das tuas gracias,
afillada formosa!

Á MEMORIA

DO INSPIRADO MÚSICO LUCENSE JUAN MONTES

A sua sobriña, a notabre pianista e distinta amiga miña Asunción Montes de Varela Lenzano.

Morreu o *Cisne* de Lugo,
largóu pra sempre xamais,
de loito Lugo se viste,
Galicia de loito está;
mais o *Cisne* en troques deixa
unha sona colosal
que recollen xuntamente
Lugo e Galicia na mais.

Apenada está Galicia,
Lugo esconsolado está,
entrambas choran soidades
pol-o *Cisne* sin rival...
Mais en troques, seu esprítu
voändo, voändo vai
pol-as rexiós onde mora
tan sô a INMORTALIDÁ.

AOS NOSOS

Ao meu garimoso amigo Manuel Castro Lòpez, escritor, poeta e director do Eco de Galicia, *de Buenos Aires.*

Tan sô n-esas terras
de Dios bendizón
que España n-outrora
criou con amor
de nai garimosa...
os gallegos bôs
que n-elas traballan
lembran aos de acó.

Tan sô n-eses eidos
onde a emigración
á miles botóunos
deixando con door
a terra gallega...
os gallegos bôs
se d'ela alongados,
non a esquencen, non.

Na terra arxentina
non ven por aló
a xente mandona
facer irrisión
da patria adourada...
virtudes... amor...
hachan á cotío
os gallegos bôs.

SIC VOS NON VOBIS...

Aos meus respetabres amigos Don Ramón Bernardez, ilustre Abade da Colexiata da Cruña, e Don Manuel S. Casal, ilustrado párroco de San Vicente de Elviña.

Se o traballo é unha virtude,
vaya c'o demo o traballo,
que o que traballa d'abondo
camiña sempre arrastrado,
mentramentres que outros vánse
do sei froito aproveitando.

*
* *

¿Qué lle pasa ao labrador
convertido n-un escravo
dend'a aurora ao lusque-fusque,
seu corpo farto magoado
pol-a labor, pra comere
un mal caldo tod'o ano?
¿Quén se aproveita do froito
do seu mísero traballo?...
¡O fisco! qu'é a samesuga
que de cote ó vai zugando;
e tamen as mais das veces
o cacique endiañado
que ó esnaquiza c'o consumo
se non se pon do seu bando.
¿Qué lle pasa ao pobre obreiro
que c'un cativo salario
o lombo abaixa por forza
todol-os días do ano
pra lle servir ao padrono
que ao fin, é quen vai zugando
o sudore do seu rostro,
no intre qu'él, arrufado
como burgués satisfeito,
o ouro vai axuntando?

¿Qué honores tira da guerra
aquel valente soldado
que dempois de peleare
con toda fé, destragados
saca seus membros da loita,
e a *patria,* recompensando
os seus gabados servicios
c'unha cruz coida pagalo
(se qu'ó lembra, *rara avis)*
que non val nin catro cartos,
e estalle chorando á reo
hastra seu triste salario
con darlle un *abonaré*
que abona sabe Dios cando?
¿Quén é o que se aproveita
da heroicidad do soldado?...
Entre exempros como éstes
que lles estou relatando,
sin ir mais lonxe ¿qué ocurre
c'o homildoso do empregado
que por un pequeno alugo
é o que fai todo o traballo
da oficina: da dictame
n-un espediente entrampado,

ou da consellos do xeito
como deben de levalo;
pon as minutas axiña,
e'n limpo moi apurado,
nas mentres que o lampantin
do xefe do negociado,
non fai mais en todo o día
que fumare bôs habanos,
e disfroita de gran soldo,
e dos choyos vai larpando?...

*
* *

E por este xeito, así,
pasan todol-os humanos
que carecen de padriño
n-este mundo conxanado...
Sic vos non vobis... ¡Qué certo
é o precepto virxiliano!...

SALAYOS

Ao meu caro amigo o escritor
Justo E. Areal.

Somas malditas que acidando vides
miña existencia moito tempo fai,
¿qué pretendedes pezoñentas somas?
¡fuxide xa!

Visión funesta ¿por qué ves nubrando
meu espíritu, sempre, sin parar?
¿por qué non tratas d'acougar tuas iras
visión falaz?

Días risoños d'esprendente aurora
que â vellez miña xa calor non dais,
¿qu'é ó que vos fixen para así esquencerme?
¿decidmo xa?

Noites sereas, prateada lua,
que a miña adolescencia relembrais,
¿por qué fuxides hoxe do meu rente?
¿fíxevos mal?

¿Será posibre qu'esta vida envolta
entre brétemas e fortes huracás
non teña ¡ay! ende xamais acougo?
¿será verdá?

¡ANÉMICOS!

Ao meu bó amigo Evaristo Martelo Paumán, poeta e escritor.

Eu coido para mín, caro padriño,
que a misión nosa, a misión dos bardos,
tivo xa seu romate;
posto que nosas liras,
inda vibren sonoras,
inda d'elas se arrinquen
queixumosos acordes pol-a patria,
esta Galicia, noso amado berce,
debemos prestamente

pendurálas. Eu lémbrome
d'un tempo en que os poetas
co a cítara recadan
a libertad d'un pobo, derrubando
a odiosa tiranía que o grumaba.
¿Decátaste, padriño,
d'ese pobo á que aludo?
Facel é maxinalo:
o mais grande de agora
pol-o feito dos bardos, o primeiro
que â cabeza da Humanidá camiña,
que foi civilizando
aos demais do praneta...
¡Bendita sexas, Francia!...

*
* *

Digo, repito, e direino sempre
que hai que colgal-as liras moi axiña:
elas xa non alentan
un pobo que está irto,
moi podre; e que deixa
rilar seu organismo
por ese *Centro,* á famenta rata
qu'ende xamais se farta de zugarlle

a derradeira pinga
do seu sangue. Son elas,
impodentes pr'alentar
toda unha xoventude
anémica, viciosa, que ha de sere,
sí, precursora de piores males
pra estos eidos. Debemos,
como moi ben proclaman
os compañeiros nosos
Lugrís, Vaamonde, e outros
de tan grandes e nobres sentimentos,
apelar á outra clas de *recursos*
pra barrer ese podre
que vai tramando axiña
as arterias da patria
cal a Galicia nosa,
berce un tempo, do celta valeroso
e de varós tan nobres e barudos
como aqués grandes reises
os Afonsos, que d'ela
fixeran unha nación
podente; e cuyos fillos
nos sigros derradeiros libertaron
â grande España d'ambición inglesa;

e na Ponte Sampayo
loitando con carraxe,
ao francés denodado
soballaron. Os homes
d'ese tempre, de cívicas virtudes,
non se hachan hoxe xa, caro padriño:
dexeneróu a raza
ben doorosamente.
As arpas, pois, dos bardos
inda sonoras vibren,
inda arrinquen patrióticos acentos,
nos ánimos da mesma, non fan mella...
¡Qué van facere d'unha raza morta!

POR MOITOS ANOS

Aos meus queridos compadres Modesto Garrido, Xan Casal e Adolfo Varela.

O Sacramento primeiro
da Santa Eirexa Católica,
quixo unir nosa amistade
n-un parentesco que honra.
Compadres por ambas partes
somos nos: ben haxa a hora
que afinidá tan estreita,
tan nobre e tan garimosa,
viñese á proporcionála
a Santa Eirexa Católica.

MÁGOAS E NOITEBRAS

Aos poetas Florencio Vaamonde e Menecho Lugris, meus bôs amigos.

De mágoas teño o corazón nubrado
dende que ao mundo vin;
de noitebras, a vida sempre chea
sin tiralas de min.

Ollando n-esas vosas poesías
d'estro tan viril,
as *Noitebras* e as *Mágoas* me somellan
miña vida febril.

A TROITA DA TERRA

A miña distinta amiga doña Juana Montes.

Inda non sexa amigo da lambetada
que s'eu vivo non vivo para comere,
pois se como, señora, é por sostére
esta vida, tan triste, tan traballada...
francamente direillo, unha troitada
fáime larpeiro abondo mal que quixere,
e de penas me tira, qu'é moito vere,
unha troitiña vella salmoneada.

Troita cal dan os ríos d'esta Galicia,
esta terra bendita tan garimosa,

troita tan nacarada, tan sustanciosa,
de coores variados e arrumbadicia...
non se atopa, señora, mais qu'en Galicia,
porque Galicia é terra moito vizosa,
e sobre todo en troitas, é tan famosa,
que así causa aos alleos tanta cobicia.

Ende xamais, señora, m'esquencería,
cando fun de vostede moi obsequiado
con unha troita vella do serpexado
e gorgullente Mera: que regalía
disfrutei ao comere n-aquel bô día
(no que fun, como digo, seu convidado)
un manxar tan sabroso, tan delicado,
amañado, abofellas, con maestría.

Se o veleteiro Apolo prestar quixera
inspiración podente á est'arpa miña,
¡qué madrigal, qué odas, á esa troitiña
adicar prestamente eu prometera!...
Mais ese dios, señora, qu'é un trapacera,
xamais dos bardos pobres se lembra axiña:
verbo d'eso se queda desairadiña,
esa troita tan rica que cría o Mera.

SOMELLANZAS

Ao meu querido parente o escritor Menecho Salgado Rosende.

O canto dos ralos
é un canto moi feo,
sin cadencia e ritmo,
é un canto algueireiro.
Pois nosos políticos
somellan o mesmo:
cando falan rinchan,
son moi algueireiros...
sua verbe, son verbes
que leva as o vento.

ABRIL 1846

¡CACHEIRAS! ¡CARRAL!

Aos meus distintos amigos José Martínez Perez e Antonio Lens Viera.

As aves xa non gorxean,
as froles víranse murchas,
o sol xa non resprandece
porque as brétemal-ó ocultan.
¡Qué día aquel! ¡qué tristeiro
está o día! E que se xuntan
os espíritos maléficos

para soterrar nas tumbas
as subrimes libertades
da Galicia, a nobre e culta
rexión, que c'o propio sangue
pol-as suas grorias luita.

*
* *

O promo dos asesinos
desfai as frentes barudas
d'aqueles homes de ferro
que a treizón fai que secumban...
As aves tristes gorxean,
as froles tórnanse murchas,
o sol, non brila no espazo
porque as brétemal-ó nubran...
¡E que a libertad gallega
morreu, e en choros s'enturbia!...
¡Maldito, maldito sexa
quen contra o progreso luita.

AMISTADE

Ao meu amigo da alma, o culto escritor Indalecio Varela Lenzano.

Cando a AMISTAD é franca, ilimitada,
en xamais encurtada;
cando á ser ven moi doce, garimosa,
non movel com'o ar nin é incerta
cal o tempo, nin d'engano encuberta...
¡Formosa é a AMISTAD, sí, moi formosa!...

*
* *

Eu e mais tí, que tanto nos queremos,
que apreciare podemos
canto val a amistade n-esta vida
sendo como é a nosa tan sinxela...
¡A cantos brindaríaslle con ela
que a tu'alma deixaron delorida!

OS CONSELLOS

Ao meu querido curmán o escritor e poeta Euxenio Carré Aldao.

Consellos dásme, curmán,
nas tuas *Brétemas* formosas.
¡Consellos á min, que peino
cañas, e non xa d'agora!

Reconozo, sin embargo,
de que a humanidade toda
sin conselleiros non vive
e de consellos se folga.

N-este mundo, conselleiros
sinxelos, poucos se atopan,
mais falangueiros d'abondo...
de siguro que os alcontras.

Cando os consellos son bôs
é cando un menos os toma;
en troques, se son ruis,
é cando axiña s'escoitan.

Esto non quere decire,
curmán, que os teus os desoia,
porque sei que son sinxelos
e no agarimo se amostran.

POL-A NAI!

Ao meu amigo, o ilustrado escritor e abogado D. Waldo Alvarez Insua.

Terra é Galicia d'esprendentes galas,
terra é Galicia de patricios bôs;
mais é Galicia niño de buxatos
que a esgazan sin door.

Como Galicia, terra tan vizosa
cal ela, non hay outra d'arredor
do planeta; mais fillos desleigados...
atópanse á millós.

E mentramentres que Galicia xeme,
aprisoada a yalma de door,
aqueles, que se din bos fillos d'ela,
non a agariman, non.

Non a agariman, porque ¡mal pocados!
por irse dando á tolas ilusiós,
esquéncense da nai que tanto sofre
pidindo redenzón...

¡Ou Santo Apóstol! tí, que un día fuche
da España verdadeira salvación,
derrubando en Clavixo ao fero mouro
con impetoso ardor,

Salva esta terra, d'esprendentes galas,
salva esta terra de patricios bôs.
¡Esnaquiza ese niño de miñatos
sin tere compasión!...

DURA LEX, SED LEX

Ao meu amigo o escritor e poeta Galo Salinas Rodriguez.

E unha ley natural, querido Galo,
que como ley se debe respetar,
que n-este mundo axunten as riquezas
os burros, nada mais;

Mentramentres que o sabio qu'é o que ilustra
esta tan veleteira sociedá,
en xamais sal de pobre, e condenado
de cote á traballar.

De sentir é que a sabia Natureza
ao dictare esa ley tan especial,
tivera confusión tan lamentabre
pra co a humanidá.

A posición do sabio, n-esta vida,
cal ser debera e bô de adiviñar;
a do burro... axiña se conoce:
unh'albarda e un ronzal.

LEMBRANZAS

Aos meus garimosos compadres os esposos Xulia Botana e Emilio O. Lira.

I

Era Xela a rapaza mais garrida
que habitab'a parroquia de Morás; (1)
de ollos gácios, cabelos alourados,
boca pequena, labres de coral,
nariz moi recto, roxal-as meixelas,
de corpo airoso e d'un estreito ban.

(1) Fregresía do mesmo nome, concello municipal de Arteixo, n-esta provincia.

Nada d'estrano tiña que bocado
tan sabroso e tan dino de admirar,
contase hastra por ducias os rapaces
que as veiras lle facían por Morás.
E dempois, era ela tan melosa,
d'un corazón e d'un carácter tal...
que á ninguén, sendo mozo, procuraba
ende xamais podelo despreciar.

II

Entre os mozos que a Xela requerían
de amor, estaba Fuco de Mazás,
que mália seu carácter rabechudo,
era con todo valente bô rapaz.
Que s'entendían ben, Xela e mais Fuco,
proban d'abondo sere unha verdá
as coores bermellas da mociña
que sacaba ao remate de tunar,
xa nas noites de crara e linda lua,
xa nas noites de pecha escuridá.

III

Este idílio de amor, por alguns anos

poideron os amantes disfroitar;
e cando Fuco pretendeu que un crego
co a bendizón viñérao á sancionar...
ven o diaño á lle tirar da manta
e os desexos d'aquel por terra van.
A conxanada envexa entrou na casa
facéndolle unha guerra colosal
â linda Xela, pol-o amor de Fuco,
que pouco á pouco esmorecendo vai.
Tiña a rapaza uns *lados* tan fatales,
que cales Mefistóles larchás
aconséllana que deixase á Fuco,
buscándolle á seguida outro rapaz,
home ao decir, moi ben acomodado
inda non collese ao ano para pan.

IV

Os consellos no ánimo de Xela,
mella fixeron, ¡non faltaba mais!
Como seu corazón fora tan fraxil...
se abaixa, xa, pol-o novel galán.
¡E s'esquence do amor do pobre Fuco,
e das noites aquelas de tunar!...

Dáse o mozo á todol-os diaños
ao notare tantísima maldá,
pol-o engano da ingrata e dos seus *lados*...
e xura presto vingación tomar.

V

¿Cumpríu Fuco a parola qu'empeñara?
Cumpríuna, sí, d'un xeito ben formal,
pois desprecios d'aquela natureza
ende xamais debera perdoar.
E o mozo, botando as mans â frente,
e palmetando dempois no occipital,
certa filosofía usar procura
que lecciós dera â aquel sonado Kant.

VI

Deixando foi á Xela en seus tolaxes
e esconsolado Fuco de Mazás,
e de tripas seu corazón facendo,
prestamente tratóu de ó consultar,
decíndolle tranquilo d'esta sorte:
—Corazón cala, non latexes mais:

que se a ingrata che fixo esa trasnada
fundíndote na mais triste orfandá,
¿non sería pior que somellase
a mesma acción dempois de nos casar?
E amainado o corazón do mozo
pol-os razonamentos qu'él lle dá,
bota lonxe de sí â treizoeira,
e por ela deixóu de latexar.

VII

Pasan os días com'os anos pasan,
fuxindo o tempo de cotío vai,
deixando n-este mundo miserabre
un feixe de soedades nada mais.
E soedades d'abondo tivo Xela,
e Fuco non deixóunas de palpar,
pois a vida dos dous, ben bretemosa
foi, dende aqueles tempos hastra acá.

VIII

Se algunha vez, que moitas son as veces
que ambos á dous, pol-a casualidá,

atópanse na eirexa ou na congostra,
no prado ou no vizoso piñeiral,
ao distinguir de lonxe Xela á Fuco
a vista baixa. ¿Acordará cicais
a trasnada de marras que á él lle fixo?...
El en troques con gran ternura vai
de frente e ollando á Xela: se relembra
d'aquelas doces noites de tunar.

Á MEMORIA DE ALFREDO BRAÑAS

Ao meu moi querido amigo o escritor e poeta Salvador Golpe.

Triste está o día, triste a Natureza,
o trebón encomeza x'á bruar,
roxen feros os sinos na Basílica,
tristes cantos se sinten na cibdad...
¿Qu'é ó que pasa na vella Compostela?
¿Qu'é ó que pasa acolá?

Nas rúas arremuíñase a familia,
valeiros por compreto quedan xa

dende o pazo soberbo do manate
hastr'a chouza d'homilde menestral...
¿Qu'é ó que pasa na vila de Gelmirez?
¿Qu'é ó que pasa acolá?

Por todas partes bágoas e tristura,
por todas partes reina a soledá
que a trezoeira Parca truxo agora
seguindo do destino a ley fatal.
¿Qu'é ó que pasa na boa Compostela
na nosa vila hirmán?

Que un paladin amante e decidido
da nobre e santa causa rexional,
cinguido está de froles no seu leito,
e inda mozo baixando â eternidá...
¡O pobo, diante perda tan inmensa,
en choros se desfai!...

Á MIÑA AFILLADA

XULIA OSENDE LIRA BOTANA

NO SEU CUMPREANOS

Un anaco d'alma eu daría
e déracha toda,
pra decirche no día en qu'estamos
un feixe de cousas,
porque é día, querida afillada,
para tí de sona,
que anos fai á este mundo viñeches
de ditas e loitas.

Un anaco d'alma eu daría
e déracha toda,
pra falarche na língoa subrime
d'aquela cantora
que legóu á Galicia agarimos
Cantares e *Follas*,
que cantóu co a su'arpa dourada
a terra vizosa.

Mais non podo falarche na lingoa
da meiga cantora,
pra decirche no día en qu'estamos
un feixe de cousas,
que o celebre valeiro de ideas
agora se atopa,
pol-as penas qu'enrugan miñ'alma,
que o meu peito acoran!...

LEMBRANZAS

Aos meus bós amigos Luisa e Cesar Vaamonde Lores.

¡Ou fonte da *Curuxa*
que n-Outeiro (1) te asentas
brindando ao camiñante
as tuas augoas frescas!...
Nos canos, q' un Vaamonde,
varón de boas prendas
por mor da Humanidade

(1) Outeiro de Mión, fregresía de San Xan d' Ouces, termo municipal de Bergondo.

prantóu nas tuas beiras,
a cotío agorgullan
alxófares e perlas,
topacios e diamantes
que brilan na fontenla.

¡Ou fonte da *Curuxa*
que n-Outeiro te asentas!...
De tí lembranzas gardo,
cando por vez primeira
magoados corpo e alma
curei nas tuas beiras
libando as doces augoas
que non teñen somella
na terra das Mariñas
nin menos fora d'ela.
¡Ou fonte da *Curuxa*
bendita sempre sexas!

TRANGALLADAS

Aos meus compañeiros os professores mercantiles Anxel Diz, Laureano Martinez e José L. Pereira.

Fora de meu deber, meus bos amigos,
que aquí, n-estes ringlós, algo tratara
sobre a carreira nosa, que os gobernos
na forza eles ver de reformala,
viñeran de tal xeito lamentabre
deixándoa por compreto espotroada.

—

Usanza é xa, de farto ben sabida,
canto veñen privando n-esta patria
os tantos monopolios que fan d'ela
unha nación ben triste e desgraciada,
como a sal, o tabaco, mail-os mistos,
o timbre, os esplosivos e outras gangas;
como gran ganga é, non concebibre,
a do Banco, que agobia â pobre España:
todos reparten grandes dividendos
por mor dos gobernantes que nos mandan,
nas mentres que de fame vai morrendo
a tan sofrida clase proletaria.
Pois tamen saberedes, meus amigos,
que a mercantil carreira, vinculada
en mans está de xente estrana á ela
fai moito tempo, ¡e non é cousa estrana!
porque España é país das antinomias
e así camiña dando cotenadas.

Ollade, pois, se tedes boa vista,
que peritos entenden xa nas tasas
inda paguen matrícula d'abondo.
S'é que aos mesmos quixeron darlle entrada

n-ese famoso *Corpo de Contabres*
composto todo él de xente iñara,
pois na ciencia do Cálculo, aventuro
qu'é ciencia para eles iñorada.
Mirade, pois, quen pillan os destinos
(que non deixa de ser prebenda grata),
reservados para a profesión nosa
nos Municipios, Provincias, Aduanas,
Consulados,—como outros mais que omito
porque o alcume no me den de raña,—
mais que xente iñorante toda ela
se da Contabridad é que se trata;
por canto as posiciós sociás dos moitos
que os citados destinos arrapañan,
á ser veñen pra o caso que menciono,
abofellas, d'abondo ben estranas,
como letrados, médicos, albéitares,
mancebos de botica e outras varias.

—

E agora, compañeiros, me diredes
se non é a nosa carreira ben amarga,
ao ver que tanto parbo á conta d'ela
vai larpando os empregos á poulladas;

nas mentres que os que teñen dreito á eles
por forza van quedándose co as ganas.
E para esto, que un padre de familia
matrículas axiña satisfaga
s'educar quere, como debe á un fillo,
n-esta importante clase de Enseñanza
que o célebre Moyano, aquel ministro,
fora dos seus afás agarimala,
intre os que hoxe non ten imitadores
se non para deixala abandonada.

—

Pois meus amigos, todo o que vos digo,
resulta, sere unha verdá moi crara,
que tanta anomalía así se vexa
sempre prive a influencia n-esta España

ALGUEIREIROS!...

Ao meu amigo o poeta Avelino Barbeito.

Podedésvos zombar do VERBO, tolos,
xamais estraviaredes a OPINIÓN:
a semente d'abondo está espallada,
o grau xa xerminóu.

As algueiradas vosas, moi axiña
seu remate terán, dispono Dios;
qu'El non quere as vosas argalladas
en contra da RAZÓN.

¡OGALLÁ!

Ao periodista meu bò amigo
Xulio Nuñez.

¡Ay Xulio! Canto envexo
o teu carácter bô,
a tua actividade,
as tuas condiciós
de home sempre ledo.
sempre traballador.
Formóuse o teu celebre
un feixe de ilusiós
querendo rico sere
ser todo un gran señor;

e pol-o feito mesmo
deixache a profesión
de periodista, qu'ende
xamais mal remedióu,
e tornácheste en teipa
(perdo'a comparación)
para tirarlle â terra
as ricas produciós
que acocha no seu seo.
¡Formosa posición
a que hoxe recadaches
de mineiro! ¡Ou meu Dios!
S'El realizar quixere
as tuas ilusiós
converténdote presto
en todo un gran señor...
¡Qué ledicias mais grandes
para o teu corazón!
¡Qué eficaces *remedios*
pr'as tuas africiós!
Que os desexos que acochas
pido á Deus con fervor,
que axiña se coroen
de realización.

¡COITAS!

Aos meus queridos amigos os poetas Xan Garcia San Millan e José Alguero Penedo.

Chora o gran bardo irlandés
a morte do seu bon Óscar,
quen por defendel-a patria
cae na derradeira loita.
O cego Ossian da su'arpa
arrinca doridas notas
que son salayos d'un alma
que sofre grandes congoxas,
pois cal dardos aceirados
no seu corazón s'esfondan.

Chora Ossian, chora o gran bardo,
a perda do seu bon Óscar,
aquel valente adalide,
aquel grande patriota
que n-él sô se compendiaba
e rexurdía con groria,
toda unha raza baruda
toda unha raza vizosa.

—

D'arpa do Homero irlandés,
non saen mélidas notas,
se non saloucos tristeiros,
dúbidas degoradoras,
pol-a falla d'aquel fillo
que na derradeira loita
morreu defendendo a patria
contra xentes invasoras,
que da nosa hirmán a Irlanda
facer querían por forza
de un pobo feliz e libre
homilde pobo de ilotas.

SALOUCOS

Aos meus garimosos amigos o escritor e poeta Lino Portela Calderón e o periodista Manuel Cristóbal Fernández.

D'abondo traballades
con gran trafego
sin saïre de pobres:
¡esto é o mais negro!
Que n-este mundo,
tan sô ven o proveito
na mais os burros.

—

De risas e de bágoas
componse a vida;
mais aquelas son poucas,
as outras privan
sempre no pobre,
qu'ende xamais as bágoas
enxugar pode.

COMPARANZAS

Ao meu bó amigo o escritor e poeta Enrique Real Magdaleno.

Nascen do lume as muxicas
e ao s'erguer
no ar, vánse tan soyo en cinza
converter.

O mesmo é a vida: un conxunto
de ilusiós,
que moi axiña se tornan
africiós.

En treboada a trobisca
foi virar,
e os prantíos vai axiña
destrozar.

O mesmo é a vida pra o pobre,
sin poder
lograr xeito de que a vexa
tomar ser.

AOS MEUS QUERIDOS AFILLADOS

GLORIA OSENDE LIRA E FUQUIÑO CASAL REY

Nace a aurora,
e os paxaros
ledos chíos
vai ceibando,
que á ser veñen
himnos gratos
de saúdo â Natureza
que bens vailles
prodigando.

—

Tamen o home
seus regalos
de Natura
vai logrando,
mais tan fráxil
como ingrato,
non imita cal debera
a conducta
dos paxaros.

—

Se vosoutros
tenros anxos
quer o Ceo
ben lograrvos,
procurade
sere gratos,
somellando de cotío
a conducta
dos paxaros.

LEMBRANZAS

Aos escritores, meus bós amigos Ramón Molina Couceiro e Augusto C. de Santiago Gadea, ilustrados xefes do exército.

D'organismo barudos, moi barudos,
rosadas suas meixelas xuvenís;
garridos, moi garridos, moi airosos,
fártos de vida, en fin.

Co a morriña n-alma pol-a terra,
aló partían para combatir
en defensa da integridá da patria
que *usurpaba* o mambís.

*
* *

Retornaron aos eidos poucos d'eles,
os mais, quedaron na manigua vil;
e d'aqueles, trocados n-esqueletos
viñan acó á sufrir

Ademais dos seus físicos doores,
os doores morás, qu'era un sin fin,
pol-os desastres que na loita tivo
nosa España infeliz!...

Á MIÑA QUERIDA AFILLADA

ANTOÑINA GARRIDO SOLÓRZANO

Oi, Antoniña,
aquí en segredo,
quixera darche
un bon consello.
En volvoreta
tornarse presto
vai a crisálida
no seu trafego.
Sere o instinto

do dito insecto
voar de presa,
voar correndo
cuáseque sempre
tras d'un obxeto
de moito brilo
ou moi aceso,
sin ter na conta,
sin vel-o xeito
dos perxudicios
que así vai tendo.

*
* *

Quero decirche,
meiga, con esto,
que vas virarte
logo, correndo,
de nena en moza.
E pol-o mesmo
ten bon cuidado
chegando á elo,
non imitare
no seu trafego
as veleidades

do dito insecto.
Que o lume queima
debes sabelo,
e o lume é o mundo,
antro funesto
onde se añina
tanto larpeiro.
¡Ten ben na conta
este consello!

LEMBRANZAS

Aos poetas e escritores meus amigos Daniel Alvarez e Ramón Martinez Esparis.

Un soño foi aquel amor sinxelo
que ambos á dous n'un tempo nos xuramos:
Un soño foi que amarguróume o peito
con profundos salayos.

*
* *

Inda relembro aquela noite bella
que dend'estonces veu alimentando
meu corazón con esperanzas doces
e con doces afagos:

O rescendente aroma dos piñales
á cotío s' espalla pol-o espazo;
o reiseñol ceibando tenros chíos,
no illó, as rans cantando.

Sentíase na fonda corredoira
a cadencia monótona dos carros
da facenda bendita; na fontela
a augoa gorgullando

Con delicado ritmo; aló, na praya,
ouvíanse tamen roxidos vagos
que n-area ao rompel-o mar, causaba,
á cantos somellando.

De lus e poesía, esprendoroso,
brila no ceo o astro prateado;
no d'arredor d'él, millós de estrelas
de cote escentilando...

¡Qué noite tan formosa a noite aquela!
¡qué armonioso conxunto, que gran cuadro
n'aquela noite a escelsa Natureza
víñanos amostrando!...

*
* *

A especial xentileza do teu corpo
qu'é modelo de formas, acabado,
no verde chan proyecta á lua bella
c'os seus reflexos brancos;

Teu nacarado cútis, teus cabelos
pasando do teu ban azordescado;
o mirar doce dos teus gácios ollos,
o roxo dos teus labios,

Teu arrumbado e palpitante seo,
o perfecto contorno dos teus brazos...
fora teu todo estátua cincelada
por Felipe de Castro (1)

*
* *

Ti me mirabas chea de ledicia,
eu contempraba absorto teus encantos;
e a lua, sô testigo d'este idilio,
cada vez mais brilando.

---

(1) Sonado escultor gallego, un dos primeiros do sigro XVIII. Naceu en Noya no ano 1711 e finóu no de 1775. Foi director da Academia de San Fernando, e membro das de Florencia e dos Arcades. Deixóu obras tan notabres, que as xeneraciós de hoxe contémpranas como xoyas de valía inestimabre. A vila de Madrid amostra algunhas d'aquelas. A sua vila natal erixeulle un moimento.

E cando tí, sinxela volvoreta,
esmorecida caes nos meus brazos
pechando noso amor tan santo e puro
teus labios c' os meus labios,

Deixáronse de ouvil-as armonías
do mar, do reiseñol, das rans, dos carros,
da fontela... somente o astro brilaba
maxestoso no espazo.

*
* *

Mais todo foi un soño fuxideiro
aquel amor que un tempo nos xuramos;
¡soñadas ilusiós. soño enganoso!...
¡Recordos malfadados!...

ENREDADAS

Ao poeta Eladio Rodriguez González.

¡Ay Eladio amigo,
malafada temos!
van pasando os anos,
o tempo correndo;
a familia aumentando qu'é un gusto,
nosoutros ó mesmo,
sin poidere tirala de penas
sin vel-a maneira d'atoparlle xeito.

¡Ay amigo Eladio!
que mundo mais nescio
onde sô vexetan
tanto falangueiro;
onde ganan riquezas e honores
(e esto é moi vello),
sin baixaren o lombo ao traballo
tanto samesuga, tanto galdrupeiro.

Malos ventos corren,
corren malos ventos
para os que nascimos
n-estes santos eidos;
nos qu'están vinculad'as prebendas
en mans de extranxeiros; (1)
nos que priva c'o maor descaro
ese nepotismo saído do inferno.

Qu'estas cousas pasen
n-este chan gallego,
doente me poñen
cada vez que ó penso;

(1) Por *extranxeiro* ten o autor á todo aquel que non sexa gallego.

mais ainda ao ver se consintan
sin ningún protesto;
pois é zomba de tal natureza
que fai de nosoutros fato de cordeiros.

Con franqueza digoo
caro compañeiro,
que farto me atopo
de tanto prumeo;
de sofrir á cotío carraxes
n-estos patrios eidos;
de loitar pol-o pan da familia
que sempre me negan uns amos soberbos.

A NOITE

(FRAGMENTO DO POEMA «CONSTANTINOPLA,» DE J. AROLAS)

Ao meu distinto amigo o ilustrado escritor gallego Benigno Teijeiro Martinez, en Concepción del Uruguay.

Morreu a voz co a brilantez do día,
morreu cal derradeira voz de pranto
que bota no furor da mar bravía
un naufrago infeliz morto de espanto.

A vila do Sultán quedóu dormida;
nas luas d'ésta, a do ceo reflexaba,
que ao ver no chan á tanta hirmá xunguida,
tristeira e temerosa escentilaba.

COMPENSACIÓS

Aos meus queridos parentes
Ricardo e German Seixo.

Ven a vellez, axiña, moi axiña,
cubrindo c'o seu manto esfarrapado
a nosa xuventú, e nos condena
nos derradeiros anos
á lembrarnos d'aqués formosos tempos
de ledas ilusiós, doces afagos.
Da nosa cabeleira as liñas tinxe
en coor prateado;
ou a cabeza nosa a ispide d'elas

trocándoa n-un brunido melón branco.
Enrugas á millós nos da no rostro,
e nos deixa acaneando
a ferramenta; esquerquena o corpo;
e o organismo barudo, no antano,
o enche d'alifás, de tal maneira
que ó pon esmelendrado.

—

Mais a vellez que ten tanta podencia
pra trocar d'esta sorte o ser humano,
non vira de tal xeito seu espríto
inda ó cargue de anos;
qu'él de cote vizoso, é invencibre,
e da vellez se vai tamen mocando;
e co as duzuras dos pasados tempos
sempre está recreado!...

O QUE NACE PARA ICHAVO...

Aos meus queridos amigos os escritores Pablo P. Costanti Ballesteros, Emilio Tapia Rivas e Marcial M. da Eirexa

En van é que á Deus pidades
que vos tire da pobreza
xa que moito traballades:
non agardedes riqueza;
s'é a groria, sí, que a alcanzades.
Que a riqueza, amigos meus,
sigun n-outro lugar digo,

reservada está por Deus
como xeitoso castigo,
pra burros e fariseus.
E verdá que mal s'emprega
á riqueza n-esas xentes;
mais do mundo, na trafega,
deberedes facer mentes
qu'o ichavo á carto non chega.

LERIA

Ao meu garimosisimo amigo o distinto escritor Pepe Vega Blanco.

Escoita, Pepe, sere tan querido,
¿de tí n-estas ringleiras esquencerme?
¡fora acción vil en home ben nacido!
E desmasiado debes conocerme:
meu peito non aniña ruïndades
para poder en mal concepto terme.
Mais é o caso, que as miñas soedades
meu espíritu nubran, envolvéndoo
n-un farturento mar de vaguedades.

De humor eu, pol-o tanto, carecendo,
ó que decirche n-estas *Enredadas*
non ó sei, abofé; non ó comprendo.
N-elas van tantas cousas adicadas...
que o meu celebre, coido mais invente
que todal-as que deixo relatadas.
¿Qué direi, pois, amigo compracente?
¿qué a familia española mal camiña
por non ter dirección intelixente?
¿Qué da nosa docísima terriña
esquilmada por tantas desenganos
a xente d'ela vai fuxindo axiña?
¿Qué moitos lampantís, todol-os anos
veñen de fora enchel-a faltriqueira
co a emigración dos pobres dos paisanos?
¿Qué a xusticia non é moi xusticieira
na España, mais que cando conven sere,
e s'é xusta, as mais veces é tardeira?
¿Qué a xuventú perdida á mais perdere
pol-a Enseñanza de cote reformada
camiña á couces sin poiderse erguere?
¿Qué a Prensa de hoxe vai esforricada
con tanto latricar, sin vel-o xeito
de que somelle á su'antepasada?...

En fin, Pepiño, s'estivera afeito
á predicar moral, ¡canto eu diría
n-estes ringlós cortando moi á eito!
E quen quixera leerme, xa vería
(inda que leese pauso ou de corrido),
que se onte a nosa España esmorecía,
hoxe todo ten podre e pervertido.

LEMBRANZAS

A Xan de Moràs.

Foi unha tarde ¡qué tarde!
do día tres de Febreiro,
na que bruaba o trebón,
a friaxe entala os dedos,
a saravia, en manto branco,
cubría as ruas do meigo
pobo d'antiga Brigancia..
Somella qu' os elementos
fixeran fera xuntanza

n-aquela tarde do demo,
para botal-os humanos
nas fondas cobas do Averno,
Sin facere caso algún
d'aquel morriñoso tempo,
reunidos atopábanse
n-un hotel de moito creto
cuyo dono sempre dí
que ao «fondo» vaise correndo
(inda no fondo se afogue),
un fato de bôs gallegos,
un bon petrucio astorgano,
un vasco e un estremeño;
todas son xentes de pruma
e garabullan á eito
cando non facendo libros
producindo lindos versos.

—

A xunta, tiña por modo
festexar un libro d'esos
que dín que causóu asombro
n-estes tempos que corremos
entre as persoas de letras
e xentes de bô criterio;

libro que non citarei
por non sere eiqui molesto,
nin menos sere o chamado
á descubril-o sagredo.

—

Estaban na xunta dita,
Murguía, o ilustre gallego,
historiógrafo de sona
coma n-hay outro; Cornejo,
letrado moi respetabre
home que fala por cento;
Salazar, noso cronista
da Cruña; Indalecio
Varela, culto escritor
que cando escribe da xenio;
Xulio Núñez, periodista
que sempre atopa *remedios*
pra seus doentes males
como todo bô mineiro;
Pepe Vega, outro rapaz
que ó mesmo «emborrona cuentos»
como esborrancha cuartillas
para os boletís gallegos;
Tapia Rivas, abogado

un escritor moi correcto;
o bardo de Castromil
don Evaristo Martelo,
quen inda sendo rapaz,
anda envolto en pulgameos;
Salvador Golpe, padriño
dos meus «Apuntes» sinxelos, (1)
poeta de gran valía
e pubricista soberbo.

—

Atopábanse tamen,
todo un venerable crego
cal é o abade de Elviña;
o meu compadre Florencio
Vaamonde, outro poeta
que tira ao clásico grego;
o seu simpático hirmán
César, mozo de proveito;
Galo Salinas Rodriguez
un valente latarego
grande privado das Musas
ende xamais home vello;

(1) «Apuntes para la Historia Comercial de la Coruña.» - 1900.

Eladio Rodriguez, vate
de sobresainte mérito;
Eugenio Carré Aldao,
Lugrís, Real Magdaleno,
prumas as tres que cautivan
o mesmo en prosa qu'en verso;
o por derradeiro... eu,
cuyos titulos modestos
sigún o bardo Pondal
son: o sere falangueiro,
un anaco coraxudo
e non fallo de talento.

—

Ocupaciós perentorias,
ou o conxonado tempo,
foi causa non estiveran
outros caros compañeiros
cales son: Xusto E. Areal,
P. Costantí Ballesteros,
Xan García San Millan
e Anxel Rey, que d'esprofeso
dende Vigo e de Santiago
tiñan compromiso feito
de asistir â xunta dita

cales foran seus desexos.
Tampouco asistíu Pondal
o bardo de Ponteceso
inda que viva na Cruña:
tívolle medo á aquel tempo
que cand'éste se revolve,
é costume xa de vello
moi axiña aleixoarse
sendo todo pra él molesto.

—

Se tristeira estaba a tarde
do día tres de Febreiro,
endeben os reunidos
mostraban estaren ledos,
a cotío parolando
entre botellas do anexo
viño da nosa Galicia,
fontes de lacós con grelos,
chapreira ben aliñada,
peixes mais ou menos *frescos*,
chourizos ben amañados
con farturentos cachelos,
langosta salpiconeada
e postres moi lambeteiros;

bon café e bos cigarros
d'aqueles vizosos eidos
que viñemos de perder
por nosos malos gobernos;
e un escumoso champan
do noso pobo gallego
que se amaña n-esta vila
e fai remozar aos vellos.

—

Inda bruase o trebon,
o frío entalase os dedos
e verteran auga as nubes
cal se valeiraran xerros
pra afogal-a humanidade
n'aquela tarde do inferno...
para min, non houbo tarde
en que estivese mais recho,
nin que fora mais feliz,
cal a do tres de Febreiro.

* * *

IMITACION DE HEINE

Aos meus tios Isidoro da Pena, Leopoldo e Constantino Varela Solis.

Dos meus afás, saloucos e tristuras
é este libriño homilde panteón:
Compóñense sus follas de amarguras
que así fan latexar meu corazón.

ÍNDICE

	Páxinas
Adicatoria..	V
PRÓLOGO.	VII
A nosa vi'a.	1
Noite oriental	4
A memoria de Rosalía Castro.	7
O gorgulleo das ondas.	9
Rexeneración	13
Queixumes.	15
A Luisa Osende Lira.	17
A memoria de Juan Montes.	19
Aos nosos.	21
Sic vos non vobis.	23
Salayos	27
¡Anémicos!	29
Por moitos anos.	33
Mágoas e Noitebras.	35
A troita da terra.	37

Páxinas

Somellanzas. 39
¡Cacheiras! ¡Carral! 41
Amistade. 43
Os consellos. 45
Pol-a nai. 47
Dura lex sed lex.. 49
Lembranzas. 51
A memoria de Alfredo Brañas. 57
A Xulia Osende Lira. 59
Lembranzas (A fonte da *Curuxa)* 61
Trangalladas.. 63
Algueireiros. 67
¡Ogallá! 69
Coitas. 71
Saloucos. 73
Comparanzas.. 75
A Gloria Osende e Fuquiño Casal.. 77
Lembranzas. 79
A Antoniña Garrido. 81
Lembranzas. 85
Enredadas.. 89
A noite. 93
Compensacións 95
O que nace para ichavo. 97
Léria. 99
Lembranzas. 103
Imitación de Heine.. 111

ERRATAS

PÁXINA	RINGLÓN	DICE	LÉASE
7	2	garimooso	garimoso
12	5	¡miñas	¡Miñas
26	4	apurado	apurando
54	14	e esconsolado	o esconsolado
67	3	Podedésvos	Podédesvos
69	12	querendo rico sere	querendo sere rico
70	5	teipa	teupa

OBRAS DO AUTOR

PUBLICADAS

Apuntes para la Historia Comercial de la Coruña.
Enredadas, poesías en gallego (edición fora de venda).

EN PRENSA

Zapicadas, prosa gallega.

EN PREPARACION

Historia Comercial de la provincia de la Coruña.

A primeira das obras ditas, que forma un volume de 700 páxinas en 4.º, véndese na *Libreiría Rexional* de Euxenio Carré Aldao, rúa Real 31, na Cruña.

ACABOUSE D' EMPRENTAR ESTE LIBRIÑO
NA VILA DA CRUÑA, NA TIPOGRA-
FÍA «LA CONSTANCIA», NOS PRI-
MEIROS DIAS DO MES DE
XANEIRO DE 1902

REAL AC
GALE
A CO
16
Bib

ACADE
GALEGA
CORUN
62
bliote